*Manuel Chamoso Lamas*

Federico Tapia, 49-4.º Izqda. - Telf. 230256 - La Coruña

11 - Nadal 1979

Sr. Don

Xosé Mª Monterroso

Cidade

Benquerido amigo:

Moito sentín non estar na casa cando Vde. tivo a atención de me traer os fermosos e interesantísimos libros que o Sr. Canabal tivo a xentileza de me mandar. Son pra min do mais alto interés e aproveitamento, pois me descobren uns coñecementos sobre Montevideo que eu non sospeitaba. Sorpresa grande e grata que a Vdes. lle debo.

Gustaríame falar con Vde. sobre todo si estivo ou ven de Montevideo, cousa que pola miña ausencia non puidemos facer onte. Ando moi mal de tempo pois esta mañán xa teño que estar na Delegación de Cultura e a tarde teño unha conferencia e mañán todo o día comprometido por diversas xestións, pero si Vde. tivese a amabilidade de me chamar por teléfono poderíamos acordar unha hora que lle viñese ben e veríamonos nesta sua casa de Federico Tapia. Pra min as tardes son as mais libres a partires de pasado mañán. A semana que ven a pasarei en Madrid.

O meu propósito é agradecer a Vde. a sua atención pois o Sr. Canabal xa lle escribo.

Desexando saludalo persoalmente queda de Vde. seu bo amigo Manuel Chamoso Lamas